LAGARTIXA DA SERRA

(Lacerta monticola)

Castelán: Lagartija serrana.
Portugués: Lagartixa-de-montanha.

Hai moito tempo, antes de que as glaciacións do Cuaternario varresen Europa, diferentes especies de lagartixas do subxénero *Archeolacerta*, moi semellantes á nosa lagartixa das serras, debían vivir ó longo do que hoxe é o norte do Mediterráneo. Logo veu o frío e o xelo e a maioría das poboacións desapareceron. Unhas poucas sobreviviron e aínda sobreviven nos lonxanos montes do Cáucaso e en certos puntos e illas do Mediterráneo, aínda que só, salvo excepcións, refuxiadas en altas serras. Na Península Ibérica tamén sobreviviu unha especie, así mesmo aillada nos cumios das montañas, pero cunha excepción: as poboacións do extremo norte de Galicia.

Estas escasas e relictas poboacións das terras baixas galegas podían, tal vez, continuar vivindo (sobrevivindo) nos hábitats ancestrais dos *Archeolacertas* antes de que os cambios climáticos e a competencia con outras especies máis modernas, como as lagartixas do xénero *Podarcis,* os relegara ás altas ladeiras das serras.

A nosa lagartixa das serras é de aspecto robusto, co corpo relativamente ancho e coa cabeza, as extremidades e a cola ben desenroladas. O seu tamaño, grande para unha lagartixa, pode alcanzar case os 80 mm. de cabeza máis corpo, medindo a cola unhas dúas veces esta lonxitude. Tanto as poboacións das serras galegas coma as da costa teñen unhas características e dimensións semellantes, medindo de media os machos adultos 63 mm. (entre 55 e 74 mm.) e as femias 66 mm. (entre 56 e 78 mm.). A cola mide entre 1,6 e 2,1 veces esta lonxitude. O peso dos exemplares adultos oscila entre os 3 e os 10 gramos.

As escamas dorsais son granulares, aínda que algo máis grandes cás das nosas *Podarcis*. As ventrais non imbricadas, cos bordes rectos e o colar co borde liso, non aserrado. Ten, como rasgo característico, a placa rostral en amplo contacto coa internasal, polo menos no 80% dos exemplares. A placa masetérica soe ser de gran tamaño e moitas veces dobre.

O deseño dorsal consta xeralmente dunha serie de manchas negras irregulares ó longo da liña vertebral sobre unha ampla banda dorsal de cor marrón, ocre ou parda grisácea, pero estas están reducidas en moitos exemplares, sobre todo femias, ou mesmo poden faltar. Pola contra, en moitos machos espállanse formando unha densa retícula negra. Neles, a cor da banda vertebral é frecuentemente verde, principalmente nos exemplares máis vellos e na maioría durante o período do celo.

Os flancos están intensamente reticulados de negro nos machos ou forman unha banda marrón con algunhas manchas negras nas femias. Ambos sexos posúen ocelos azuis axilares, xeralmente dous, aínda que están máis desenrolados e poden ser máis nos machos adultos.

A cor ventral é verde esmeralda intensa nos machos en celo, xeralmente con abundantes manchas negras na zona ventral e máculas azuis nas costas. As femias e os machos fóra do celo tamén son verdes, aínda que menos intensa, moitas veces amarelentas verdosos. É característico nesta lagartixa a ausencia de manchas negras na gorxa.

Dimorfismo. Os machos son lixeramente máis pequenos, como media, cás femias, pero a súa cabeza é moito máis grande e robusta. Tamén son frecuentemente verdes, mentres as femias son sempre pardas e co deseño negro máis reducido. O número de ringleiras de escamas ventrais é de 24 a 28 nos machos e de 27 a 31 nas femias.

Distribución. Trátase dun endemismo ibérico con poboacións discontinuas, xeralmente limitadas a zonas ele-

vadas de certas serras do norte (Cordilleira Cantábrica e Pirineos centrais[1]) e do centro da Península Ibérica (Sistema Central).

En Galicia, pola contra, aínda que tamén ocupa algunhas serras, chega ata o nivel do mar no extremo norte na provincia da Coruña e no extremo noroeste da de Lugo. As poboacións costeiras parecen ter unha distribución residual, con núcleos máis ou menos dispersos que se van rarificando ata quedar aillados ó avanzar nun gradiente noreste-suroeste. Así, amplamente espallada no extremo norte, dende Viveiro (Lugo) ata San Andrés de Teixido e Cedeira (A Coruña), limítase cara ó sur, só ó fondo de estreitas gargantas fluviais cubertas de arboreda caducifolia de certos ríos do Golfo Artabro, como o Eume (relativamente común e en comunicación coas poboacións da Serra do Xistral) e o Mandeo (moi rara e aillada). Máis ó sur xa desaparece, excepto en dúas pequenas poboacións, moi ailladas, en Sobrado dos Monxes e nos Montes do Pindo. Esta última poboación quizais se extinguiu, xa que non a volvemos atopar nos 13 últimos anos.

Na provincia de Lugo, amais da zona costeira asinada, onde tamén se ten citado nun illote costeiro, Illa de San Paio, vive nas serras de Xistral, Lorenzana, Meira, Linares, Ancares (dende os 700 ata os 1.600 m.), Courel (dende os 650 ata os 1.550 m.), etc.

En Ourense só se atopa xa por riba dos 1.400 m., nos cumios da Serra de Queixa e Pena Trevinca, ata máis dos 1.800 m.

Variación. As poboacións galegas asimílanse á subespecie *L. m. cantabrica* Mertens, 1929, que tamén ocupa a cordilleira do mesmo nome, dende o extremo noroeste de Zamora ata León e Asturias.

---

[1] Actualmente pénsase que as poboacións dos Pirineos poden pertencer a outra especie diferente (*Lacerta bonnali* Lantz, 1927).

Caso de que as haxa, aínda están por estudiar as posibles diferencias entre as poboacións costeiras e as das serras.

Hábitat. En calquera medio que se atope, esta lagartixa utiliza sempre as rochas con preferencia a calquera outro sustrato. As poboacións de montaña viven en amoreamentos de pedras, taludes e afloramentos rochosos en ladeiras de montes con mato ou bosque aberto. As de baixa altitude poden ocupar unha gama máis ampla de medios, dende os cantís mariños (como os de San Andrés de Teixido ou os do Cabo Ortegal), ata muros de casas dentro de núcleos urbanos, como en Cariño, Bares (A Coruña), Vicedo ou Viveiro (Lugo). Sen embargo, na periferia do Golfo Artabro (A Coruña) localízanse unicamente no fondo de estreitos vales fluviais cubertos de bosques caducifolios (con carballos, bidueiros, ameneiros, etc.), vivindo nos claros destes bosques e noutras zonas parcialmente despexadas como taludes de pistas e camiños, muros de vellos muíños, pedregais dos ríos, etc. Nestas zonas convive en simpatría con *Podarcis bocagei.*

Actividade. Nas serras, o período de actividade anual está moi condicionado polo clima destas zonas elevadas; así, no Courel permanece activa 7 meses ó ano, dende marzo ata setembro ou outubro. Nas zonas baixas, pola contra, poden estar activas case todo o ano e como mínimo 9 meses, dende febreiro ata outubro, ambos incluídos, en anos desfavorables.

Na primavera e mais no outono concentran a súa actividade diaria nas horas centrais do día, mentres que no verán (xuño a setembro) hai un máximo de actividade entre as 9 e as 10 horas (solares), que baixa pouco a pouco ata quedar practicamente inactivas no mediodía. Pola tarde dáse outro máximo de actividade entre as 14 e as 16 horas.

Nas poboacións da Cordilleira Cantábrica Arguello e Salvador (1988) rexistraron temperaturas corporais entre 20,4 e 35,4° C, cunha media de 29,3° C. A independencia térmica destas lagartixas varía estacionalmente, aparecendo

asociada a súa temperatura do corpo cá do aire nos meses máis quentes (xullo e agosto) e coa das rochas nos máis frescos.

Reproducción. O período do celo, nas poboacións costeiras, comeza moi cedo en comparanza cás das serras, xa dende finais de marzo ou comezos de abril (finais de abril na montaña). Nesa época moitos machos mostran brillantes coloracións verde esmeralda e comportamentos agresivos (tamén son agresivas as femias entre elas). Observamos cópulas no campo (zona do río Eume e Mandeo) entre abril e xullo. O apareamento é semellante ó doutras lagartixas, mantendo o macho suxeita a femia cunha mordedela na zona inferior do ventre que deixa sinais duradeiras.

Atópanse femias con ovos nos oviductos entre finais de abril e finais de xullo. Nesta dilatada marxe de tempo poden ter lugar dous períodos sucesivos de postas por femia (só un nas poboacións de montaña). Normalmente a primeira posta prodúcese no mes de maio e a segunda dende finais de xuño e xullo. As femias máis novas e pequenas, coa madurez sexual recén adquirida, son as últimas en facer a posta, a finais de xullo.

Cada postura consta de 4 a 10 ovos, cunha media de 6,31 (Eume), facendo as maiores postas as femias máis vellas. Os ovos recén postos miden 11,3-14,2 mm. x 7,8-10,6 mm., sufrindo un paulatino incremento de tamaño durante as 6 ou 7 semanas que dura a incubación ata acadar unhas dimensions de 12,3-17,5 mm. x 10,3-11,9 mm.

As posturas que nós atopamos no campo estaban todas baixo pedras, en pequenas galerías de 5 a 17 cm. de fondura. Xeralmente ó pé de taludes ou en foxos de camiños, aínda que temos observacións nunha praia de Viveiro. Por veces atopábanse varias xuntas baixo a mesma pedra.

Moi recentes pescudas de Braña e colaboradores, sobre poboacións asturianas (1991), descubriron que o desenrolo oviductal dos embrións desta especie é considerable, aca-

dando dentro da nai ata o estadío 28 a 31 das tablas de Dufaure e Hubert (1961), isto é, intermedio entre o grao do desenrolo embrionario no momento da posta de *Lacerta vivipara* (do 30 ao 34) e o das *Podarcis* da nosa fauna (do 24 ao 29).

Xuvenís. As eclosións teñen lugar na costa xa dende mediados de agosto, prolongándose ata finais de setembro.

Os xuvenís recén nacidos miden entre 22,7 e 26,5 mm. de LCC. e a cola entre 33,5 e 41,3 mm. cun peso inferior ó medio gramo (0,39 a 0,51 gr).

Destaca neles a coloración da cola, dun rechamante azul turquesa lixeiramente verdoso na base e a ancha banda dorsal castaño-ocrácea clara.

Crecemento. Non dispoñemos de moitos datos nas poboacións galegas. Parecen acadar a madurez sexual cun tamaño algo menor que en outras zonas, alomenos na costa, cun tamaño, os machos, de 48-53 mm. de LCC, e as femias con 53-57 mm.

A lonxevidade en liberdade é descoñecida. Nós marcamos algúns exemplares plenamente adultos (de 2-3 anos ou máis) na poboación do Eume (A Coruña) no ano 1987 que seguían vivos no verán de 1990, cunha idade mínima en liberdade de 5-6 anos.

Alimentación. Baséase principalmente en insectos que captura nas fendas das rochas, entre as pedras ou na vexetación baixa. A súa estratexia de caza é a de "buscador activo". Na Serra do Courel (Lugo) os principais grupos cazados son os coleópteros (34%), os araneidos (15%), larvas de insectos (15%) e moitos outros grupos de insectos en pequenas proporcións, como as formigas e os homópteros (7% cada un), ortópteros, etc. (Bas, 1982b). No Sistema Central consome principalmente coleópteros (39%), dípteros (24%) e arañas (12%).

Depredadores. Son depredadas principalmente pola cobra lagarteira (*Coronella austriaca*), que ademais pode

comer os seus ovos, como comprobamos no río Mandeo (xuño de 1986), cando atopamos un xuvenil desta cóbrega cun ovo no seu estómago.

Dominios vitais. Nunha poboación da Serra de Gredos calculáronse áreas de campeo medias de 44 a 69 m^2 nos machos adultos, de 55 a 95 m^2 nas femias adultas e de 16 a 72 m^2 nos subadultos. Nela, os machos adultos revelaronse como fortemente territoriais, excluíndo a outros machos pero englobando na súa área a varias femias adultas.

Comportamento. Moi boa trepadora, ponse a miúdo a salvo subindo alto (máis de 3-4 metros) nos taludes onde vive. Tamén corren ben polo chan.

Estatus en Galicia. En xeral, rara e localizada. Só as poboacións dalgunhas serras de Lugo manteñen efectivos numerosos, aínda que localizados, mentres que as das serras de Ourense son moi escasas e restrinxidas a áreas limitadas. As poboacións costeiras e de baixa altitude, de enorme interese bioxeográfico, limítanse, en xeral, a zonas e hábitats concretos e ademais moi ameazados, como son os bosques caducifolios. Urxen medidas protectoras para os últimos refuxios desta especie.



▲ Lagartixa da serra (*Lacerta monticola*). Macho adulto. Zarzo, río Mandeo. (A Coruña).



▶ Cópula de *Lacerta monticola* . Chelo, río Mandeo (A Coruña).

▼ Lagartixa da serra (*L. monticola*). Femia adulta. Caaveiro, río Eume (A Coruña).





▲ Eclosións de *Lacerta monticola*. Caaveiro (A Coruña).

▼ Femia e macho de *Lacerta monticola*. Vista ventral. Chelo, río Mandeo (A Coruña).

